

O estandarte dos vencidos



Telmo Meana

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 21 de febreiro ao 27 de abril.

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



DESCARGA
FOLLETO GALEGO



DESCARGA
FOLLETO CASTELLANO

VG XXX-XXXX

O estandarte dos vencidos

Telmo Meana



Do 21 de febreiro
ao 27 de abril de 2025

Casa Galega da Cultura

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO



CONCELLO
DE VIGO



TELMO MEANA

O estandarte dos vencidos

.....

Escenificar supón un intento de trasladar ao plano visual, ante a perspectiva de fracaso dun logros que non se basta a si mesmo para desentrañalo, o aspecto de algo que vai por dentro, daquilo que doe sen cesar. Todo arte é a final de contas o escenario dunha confesión ou dunha vinganza. De maneira paralela á confesión, ou como parte dela, a arte é paradoxalmente tamén unha máscara, o embelecemento (ou desfiguración) de algo demasiado íntimo para ser narrado na súa nudez.

A través destas imaxes edifícase un discurso en clave escenificada que indaga nos intersticios do acto creativo. Nelas, o espazo habitado polos personaxes, que funciona como elemento narrativo principal, actúa como unha presenza viva que os envolve e mesmo parece querer engulilos. Estes personaxes, pedazos rotos dunha identidade fragmentada, son herdeiros dun estado interior que é á vez berce das ideas e tumba dos desexos. Todo iso xúntase nun sentimento ambiguo que é o protagonista das imaxes, o que as proxecta nunha mesma órbita, formando unha paisaxe fúnebre que alberga paixóns aínda por espertar, incubadas para sempre nun estado de ausencia.

Se é preciso para o artista crear outros mundos, así como exteriorizar aqueles mundos creados para darlles sentido e para que o mundo real signifique realmente algo, é porque o que nos vén dado carece del. O sentido é individual e egoísta, non hai sentido senón por e para o suxeito. O sentido é a verdade interior de cada un. Pero as verdades interiores están máis aló dos límites do mundo, existen nun plano diferente. Nacen pois tras a experiencia da nada, que

custodia impasible as fronteiras deste mundo. E dicimos fronteiras en plural, pois existe tanto unha morte material como o sentimento interior da morte. Constatamos pois que hai un fóra do mundo, ou un mundo interior, o que viría ser o mesmo. Habitar este lugar, de maneira máis ou menos consciente, é o que chamamos estado de ausencia, punto clave da creación artística. O sentido do mundo ten así que residir fóra del e das súas fronteiras, todas elas ligadas, á fin e ao cabo, á nosa materialidade.

Crear é dar sentido a aquilo que carece del, ou a aquilo que ten un sentido que nós percibimos como erróneo, carente de equilibrio algún. O acto creativo é un intento de restablecer o devandito equilibrio, de compensar un exceso ou de suplir unha falta. Engadir ou quitar; construír, en definitiva. Negar o sentido ao mundo leva implícita unha vontade de crear(crealo). É posicionarse, máis aló do verdadeiro ou falso desta posición. O acto creativo oculta unha vontade de retorno ao equilibrio. Suplir unha falta, a falta de sentido. O artista actúa así como un sacerdote da nada, e a súa viaxe é un retorno ás esencias, a un baleiro interior no que se proxecta e a través do que reflicte a súa propia verdade, pois como dicía Tarkovski, "o belo queda oculto aos ollos daqueles que non buscan a verdade". E que é o que queda, senón a beleza dunha verdade que, á fin e ao cabo, non é outra que a da súa propia procura?



Catábase.



Duelo ao sol.